

**NON Á LICENZA MEDIOAMBIENTAL A ENCE-ELNOSA!
IMPIDAMOS Á CONSOLIDACIÓN
DO COMPLEXO NA RÍA!**



**MANIFESTACIÓN
VENRES 25 DE ABRIL ÁS 20.30 H
NA PRAZA DA FERRERÍA**

IMPIDAMOS A CONSOLIDACIÓN DE ENCE-ELNOSA NA RÍA!

CELULOSAS e ELNOSA teñen solicitado da Xunta de Galicia a AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA (AAI), unha licenza medioambiental absolutamente necesaria para poder continuar a súa actividade.

Nin ENCE nin ELNOSA cumpren os requisitos fixados pola Lei 16/2002 para que o goberno galego poida concederlle a citada Autorización ambiental:

- 1.- Téñense superado os prazos establecidos para a tramitación da Autorización, o que implica –de acordo coa Lei- a desestimación da mesma.
- 2.- Non teñen conqwerido o Informe Urbanístico favorábel do Concello de Pontevedra, un requisito preceptivo e vinculante segundo a lei.
- 3.- Seguen incumprindo boa parte da lexislación medioambiental (RAMINP, licenza de vertidos,...), razón dabondo para denegarlles a AAI.

Pero moito nos tememos que a Consellería de Medio Ambiente estea a barallar a concesión das autorizacións ás dúas empresas. As continuas declaracións do Conselleiro, nas que deixa nas mans das empresas a solución á ubicación ilegal de ENCE e ELNOSA, deixan translucir a falta de vontade política para dar solución ao problema e unha atitude de sometemento do goberno galego aos intereses empresariais. Que foi do acordo programático do goberno galego que aseguraba a desaparición do complexo da nosa ría?

O goberno municipal de Pontevedra ten tomado unha posición clara en contra da presenza do complexo na ría, unha posición respaldada pola inmensa maioría da poboación da bisbarra, que ten apostado polo saneamento e a recuperación da ría e polo fin da actividade industrial de ENCE-ELNOSA en Lourizán, unha esixencia que quere ver cumprida con anterioridade ao 2018.

Temos que impedir a concesión das autorizacións a CELULOSAS e a ELNOSA; só coa mobilización social seremos quen de conqwerilo.

MANIFESTACIÓN VENRES 25 DE ABRIL ÁS 20:30 H NA PRAZA DA FERRERIA

ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA
www.apdr.info